



## Provincial Escolar Infantil en pista

Pontevedra, 09 de xuño de 2019  
Centro Galego de Tecnificación Deportiva



**Art.1).** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do **xoves 30 de maio**. Asemade, deberá enviarse a [pontevedra@atletismo.gal](mailto:pontevedra@atletismo.gal) os compoñentes dos equipos de remudas.

Publicarase na web <http://atletismo.gal> o listado de inscritos. Aqueles atletas que renuncien a algunha proba deberán comunicalo a [pontevedra@atletismo.gal](mailto:pontevedra@atletismo.gal) ata as 20:00 horas do mércores 5 de xuño. Con posterioridade a esta data, aqueles atletas que se atopen inscritos en máis probas das permitidas renunciarán, automaticamente, a aquelas nas que se atopen peor clasificados nos listados de inscrición a dita data.

Poderá seguirse en dita web o listado coa última hora de actualización, co fin de que si renuncia algún atleta clasificado poida participar o seguinte con mellor marca.

**Art.2).** **Limitación na inscrición:** Cada atleta poderá participar como máximo en tres probas das que compoñen o programa, cun máximo de dúas carreiras. No caso de participar en 2 carreiras, só unha poderá superar os 250m. **As remudas non computan como proba.**

**Art.3).** **Participantes:** Poderán participar os atletas coas **16 mellores marcas dos inscritos**, sendo soamente válidas as marcas realizadas nas fases previas.

Na proba de **remudas** acadarán praza de participación as **entidades** coas 16 mellores marcas dos inscritos, podendo acadar ata dúas prazas por entidade. Para optar á segunda praza é preciso que non sexa participe das dúas marcas un mesmo atleta, tendo por tanto que ser realizadas por 8 integrantes diferentes. As prazas acadadas poderán ser integradas por calqueira atleta, participase o non na súa clasificación.

**Art.4).** Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito (agás na pértega), en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

**Art.5).** Os dorsais serán recollidos polo delegado do club ata media hora antes do comezo das probas.

**Art.6).** **Número de intentos:** Realizarase mellora nos concursos, agás nos saltos verticais.

**Art.7).** **Cadencias:**

<b>Pértega</b>	1.40	1.50	1.60	1.70	1.80	1.90	2.00	10/10 cm
<b>Altura</b>	1.00	1.05	1.10	1.15	1.20	1.25	1.30	3/3 cm

Poderán ser modificadas en función dos atletas admitidos.

**Art.8).** **Distancia das táboas:**

<b>Triplo*</b>	<b>6 e 8 m.</b>
<b>Lonxitude</b>	<b>2 e 3 m.</b>

\*Carreira máxima de 15 m.

**Art.9).** Nas probas de velocidade e valados é obrigatoria a saída con 4 apoios (con ou sen tacos).



# Provincial Escolar Infantil en pista

Pontevedra, 09 de xuño de 2019  
Centro Galego de Tecnificación Deportiva



## Art.10). Horario:

CATEGORIA MASCULINA		HORA	CATEGORIA FEMININA	
Lonxitude		10:00	220m.v. (0,76)	Altura
Martelo 2kg				Martelo 2kg
	220m.v. (0,76)	10:10		
	2000 marcha	10:25	2000 marcha	
		10:50	80ml	
Disco 800gr		11:00		Disco 800gr
	80ml	11:00		
	2000m	11:15	2000m	
Pértega		11:20		Pértega
				Lonxitude
	1000m.ob	11:35	1000m.ob	
		11:50	500m	
Altura	500m	12:00		Xavelina 400gr
		12:10	80m.v. (0,76)	
Peso 3kg	80m.v. (0,84)	12:20		
		12:35	1000m	
	1000m	12:45		
		12:55	150m	
T. salto*		13:00		T. salto*
Xavelina 500gr				Peso 3kg
	150m	13:05		
		13:20	4x80m	
	4x80m	13:30		

**Art.11).** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A, R.F.E.A. e I.A.A.F.